

Impulso á 'innovación aberta'

"A nosa aposta é clara: o cliente debe estar no centro da nosa estratexia de innovación", Enrique Monzonis, director de Innovación de EROSKI

- **Ao longo deste exercicio EROSKI porá en marcha novos mecanismos para identificar e testar solucións disruptivas**
- **O grupo está a desenvolver un programa de *venture client* para se enfrontar a novos retos en colaboración con *startups***
- **No 2020 EROSKI tomou parte en máis de 20 iniciativas de innovación en colaboración, 5 delas en proxectos de colaboración europeos xunto con máis de 80 axentes entre empresas, centros tecnolóxicos, universidades e *startups***

Elorrio, 26 de febreiro do 2021.- O director de Innovación, Transformación Dixital e Tecnoloxía da Información e Comunicación de [EROSKI](#), Enrique Monzonis, confirmou, durante a súa participación no primeiro "[South Summit Biscay Startup Bay](#)" celebrado en Bilbao, que o grupo está a lle dar un novo pulo á súa aposta pola 'innovación aberta' como motor para lle ofrecer solucións ao cliente e propón comezar novos tipos de colaboración co tecido emprendedor durante este exercicio.

*"A innovación aberta forma parte do noso modelo de innovación, por iso estamos a redobrar a nosa aposta por innovar en colaboración co tecido emprendedor e sempre buscando ofrecerlles solucións e respostas aos nosos clientes", afirmou Monzonis. "Ao longo deste exercicio 2021 poremos en marcha novos mecanismos para identificar e testar solucións disruptivas sempre orientadas a satisfacer necesidades dos nosos clientes. O noso posicionamento é un modelo de *venture client*, buscamos resolver retos con solucións de vangarda que poidamos testar da man de *startups* xurdidas tanto en programas de aceleración do noso contorno como a nivel internacional", detallou.*

Durante a súa intervención ante os actores clave do ecosistema emprendedor, Enrique Monzonis puxo en valor *"a cultura cooperativa de EROSKI como unha vantaxe á hora de se enfrontar a proxectos de colaboración e de establecer un novo marco de intercooperación para construír novas vantaxes competitivas. As prioridades de EROSKI céntranse en xerar unha experiencia de compra cada vez máis rápida, doada e personalizada, no desenvolvemento de novos produtos e*

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa online



marcas distintivas, no desenvolvemento de solucións que permitan promover a alimentación e os hábitos de vida saudables e sostibles e en lles poder transferir máis aforro aos clientes grazas a iniciativas de eficiencia nas operacións en punto de venda e na cadea de subministración".

Tenda Lab

O director de Innovación, Transformación Dixital e Tecnoloxía da Información e Comunicación de EROSKI explicou que están a desenvolver unha 'tenda Lab' *"na que testar solucións innovadoras para retos de eficiencia nas operacións de punto de venda nun contorno de experimentación real"*.

A innovación, clave en EROSKI

No 2019 EROSKI puxo en marcha un novo modelo de innovación, 'ekinn'. Trátase dun conxunto de metodoloxías, ferramentas e dinámicas en clave de innovación integradas na organización para impulsar a evolución do seu posicionamento diferencial. No 2020 EROSKI participou en máis de 20 iniciativas de innovación en colaboración, cinco delas en proxectos de colaboración europeos con máis de 80 empresas, centros tecnolóxicos, universidades e *startups*.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel.: 944 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel.: 944 158 642

Sala de prensa *online*